




EMENDA DE MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA A ENERXÍA SOSTIBLE

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA A ENERXÍA SOSTIBLE**.

Proponse a modificación dos dous primeiros puntos do texto resolutivo, de xeito que a redacción final resultante sería a seguinte:


ACORDOS

1. Ratificar a adhesión do Concello de Santiago ao Pacto dos Alcaldes, acordada por unanimidade no pleno municipal de xaneiro de 2013, adaptando os compromisos adquiridos daquela aos novos obxectivos establecidos na cerimonia celebrada o 15 de outubro de 2015 na sé do Parlamento Europeo en Bruxelas. Concretamente no relativo a que as cidades asinantes prometen actuar para acadar o obxectivo da UE de reducir nun 40 % os gases de efecto invernadoiro de aquí a 2030, así como promover a adopción de medidas conxuntas para a atenuación do cambio climático e a adaptación a este.
2. Para trasladar o compromiso a accións, o Concello de Santiago completará os seguintes pasos:
 - Realizar un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do cambio climático, nutréndose dos traballos xa elaborados polo propio Concello no marco do PLEEC.
 - Revisar, corrixir, aprobar e presentar o Plan de Acción de Enerxía Sostible (PAES) 2030, redactado por ITG e en posesión do Concello, dentro dos dous anos seguintes á aprobación da ratificación da adhesión.



- Redactar e enviar os informes de progreso polo menos cada dous anos a partir do envío do PAES 2030, co propósito da súa avaliación, monitorización e verificación.
3. A maiores, coa intención de non adiar as medidas necesarias para reducir as emisións de CO₂, durante o período previo á aprobación e envío do PAES 2030, o Concello de Santiago levará a cabo actuacións de mellora da eficiencia enerxética acorde ás conclusións da auditoría de iluminación pública e da auditoría enerxética de inmobles municipais.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2016



Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela